



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Agosto 2023**

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Agosto 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia unha diminución do 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 5,6 puntos á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 0,5%, 2,0 puntos menos que no mes anterior.
- En trece comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de agosto.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,0% e en España un 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de agosto.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia unha diminución do 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 5,6 puntos á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 0,5%, 2,0 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cunha caída do 1,7%, resta 1,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 1,9% e restan 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 2,2% e nos *Outros servizos* aumenta o 2,9%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* cae o 4,1%, co que resta 2,3 puntos a taxa de variación do índice xeral; o *Comercio ao retallo* aumenta o 4,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 2,5%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 8,3% mentres que o *Comercio ao retallo* aumenta o 7,8% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 11,6%.

Os *Outros servizos* diminúen a cifra de negocios en Galicia o 1,9%. Esta caída ven motivada polo *Transporte*, que diminúe a súa facturación o 10,5% e resta 1,5 puntos a taxa interanual. Os maiores incrementos rexístranse na *Hostalería* (16,0%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,3%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 2,9%. O *Transporte* tamén rexistra unha taxa negativa, -3,6%. Os maiores incrementos acádanse en *Hostalería* (5,6%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (8,8%).

Nos oito primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 5,6% en Galicia, máis que en España (3,7%). Os sectores que máis inflúen neste crecemento en Galicia son o *Comercio por xunto* (7,4%), o *Comercio ao retalho* (6,4%) e a *Hostalería* (16,9%). En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venta e reparación de vehículos de motor* (17,8%), *Hostalería* (11,3%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,1%).

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 2,7% no mes de agosto.

Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Transporte* (-3,4%) e *Información e comunicacións* (-0,9%); o maior incremento preséntase na *Hostalería* (14,4%).


No que vai de ano, o índice amosa un crecemento do 6,9%. Todos os sectores rexistran taxas positivas; o maior incremento obsérvase na *Hostalería* (16,1%)

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB crece o 2,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de agosto a cifra de negocios aumenta en catorce comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (10,4%) e La Rioja (9,7%). As comunidades onde diminúe a cifra de negocios son Madrid (-7,2%), Galicia (-1,8%), País Vasco (-1,6%) e Cataluña (-0,6%).

No que vai de ano, todas as comunidades rexistran taxas positivas agás Madrid (-0,8%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (14,8%), Asturias (8,6%) e Canarias (8,4%).

## Índices de cifra de negocios. Agosto 2023

### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,0% respecto ao mes de agosto de 2022, menos que en España (1,8%).

O persoal ocupado crece un 1,1% no *Comercio* e un 0,9% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse en *Comercio por xunto* (2,6%), *Información e comunicacións* (2,4%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,3%). A única actividade con redución de emprego é *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,9%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (3,2%) e *Transporte* (3,0%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,0% en Galicia e un 1,9% no conxunto do Estado.


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de agosto. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,2%) e La Rioja (2,7%). As taxas máis baixas obsérvanse en Cantabria (0,3%) e Extremadura (0,9%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,0%) e Canarias (3,4%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,4%).

## Índices de persoal ocupado. Agosto 2023

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>166,1</b>	<b>-1,8</b>	<b>5,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>160,4</b>	<b>-1,7</b>	<b>7,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	119,6	2,5	7,4
Comercio por xunto	170,5	-4,1	7,4
Comercio ao retallo	144,8	4,9	6,4
<b>Outros servizos</b>	<b>182,3</b>	<b>-1,9</b>	<b>1,5</b>
Transporte	226,9	-10,5	-3,4
Hostalería	206,8	16,0	16,9
Información e comunicacións	118,1	-2,8	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	141,6	9,3	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	122,8	5,0	8,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>138,1</b>	<b>-0,5</b>	<b>3,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>138,1</b>	<b>-2,2</b>	<b>2,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	124,7	11,6	17,8
Comercio por xunto	141,2	-8,3	-3,1
Comercio ao retallo	135,9	7,8	9,6
<b>Outros servizos</b>	<b>138,3</b>	<b>2,9</b>	<b>7,2</b>
Transporte	136,6	-3,6	1,8
Hostalería	171,4	5,6	11,3
Información e comunicacións	111,6	4,1	6,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,8	4,5	9,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	158,1	8,8	11,1

Fonte: I.G.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	164,1	2,7	6,9
Comercio	155,3	0,6	7,2
Transporte	189,8	-3,4	2,5
Hostalería	214,1	14,4	16,1
Información e comunicacións	125,0	-0,9	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	138,0	4,9	2,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,7	2,5	3,0

Fonte: I.G.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Agosto 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
<b>ESPAÑA</b>	<b>138,1</b>	<b>-0,5</b>	<b>3,7</b>
Andalucía	147,3	7,0	7,6
Aragón	135,5	0,1	4,1
Asturias	155,3	7,3	8,6
Balears, Illes	210,1	10,4	14,8
Canarias	143,0	1,2	8,4
Cantabria	160,7	0,7	5,0
Castilla y León	135,3	3,9	3,8
Castilla-La Mancha	143,1	4,6	6,7
Cataluña	127,0	-0,6	4,5
Comunitat Valenciana	142,5	1,4	3,1
Extremadura	158,0	4,4	5,3
<b>GALICIA</b>	<b>166,1</b>	<b>-1,8</b>	<b>5,6</b>
Madrid	129,2	-7,2	-0,8
Murcia	135,3	0,3	5,5
Navarra	149,1	4,7	2,6
País Vasco	121,3	-1,6	4,0
Rioja, La	150,3	9,7	6,5

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>111,6</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>
<b>Comercio</b>	<b>112,9</b>	<b>1,1</b>	<b>1,2</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	94,1	-1,9	-2,8
Comercio por xunto	126,4	2,6	2,4
Comercio ao retalho	109,0	0,6	1,2
<b>Outros servizos</b>	<b>110,6</b>	<b>0,9</b>	<b>0,8</b>
Transporte	100,1	0,0	-0,9
Hostalería	107,0	0,0	1,1
Información e comunicacións	119,9	2,4	2,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	115,7	2,3	3,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,6	1,3	-0,4
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>112,5</b>	<b>1,8</b>	<b>1,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>109,6</b>	<b>1,8</b>	<b>1,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	106,8	1,1	1,2
Comercio por xunto	110,9	2,0	1,7
Comercio ao retalho	109,3	1,7	1,8
<b>Outros servizos</b>	<b>114,3</b>	<b>1,8</b>	<b>2,1</b>
Transporte	114,2	3,0	3,1
Hostalería	110,3	1,7	2,6
Información e comunicacións	122,9	3,2	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,6	2,5	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,4	0,2	-0,5

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
**Agosto 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>112,5</b>	<b>1,8</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	109,9	1,9	1,8
Aragón	110,8	1,9	0,4
Asturias	110,3	1,1	1,3
Baleares, Illes	139,9	5,2	6,0
Canarias	109,3	2,4	3,4
Cantabria	110,9	0,3	-0,4
Castilla y León	105,8	1,4	0,7
Castilla-La Mancha	112,7	1,7	1,9
Cataluña	115,3	1,0	1,6
Comunitat Valenciana	109,5	1,6	0,8
Extremadura	111,6	0,9	1,6
<b>GALICIA</b>	<b>111,6</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>
Madrid	112,8	2,3	3,0
Murcia	120,0	1,8	2,0
Navarra	111,0	2,6	1,5
País Vasco	106,7	1,7	1,5
Rioja, La	110,4	2,7	1,2

Fonte:INE